

## *Viaxe a Vigo para ver o Pergamiño Vindel*

*24 de febreiro de 2017*

*Trátase do manuscrito que contén o cancioneriño do gran poeta do século XIII Martín Codax: as súas deliciosas sete cantigas de amigo, as sete cancións postas na boca dunha mocíña namorada («amiga») que agarda, coitada, a chegada do seu namorado («amigo»). É como unha noveliña de amor en sete secuencias. Vigo, o topónimo Vigo, aparece mencionado, nos 98 versos do cancioneriño, 21 veces, o que ten feito pensar aos estudosos que o autor deste prodixioso relato poético, Martín Codax, ou era de Vigo ou tivera relación estreita con Vigo, daquela unha vilíña.*

*Este manuscrito pertence actualmente á The Morgan Library Museum, de Nova York que foi quen o mercou en 1977. Agora cédesllos ata o 4 de marzo do 2018.*

*O pergamiño, que leva o nome do libreiro que o descubriu en 1914, é unha mostra musicada única do cancionero galego-portugués.*

*As cantigas de amigo son un dos piares da nosa lingua e unha das claves da nosa historia*



- A visita guiada para ver o *Pergamiño Vindel* será o sábado 24 de febreiro ás 17.00 h.
- Tamén visitaremos o resto do **Museo do mar** e outros lugares de interese na zona pola nosa conta.
- Regreso ás 20.30 h.
- As prazas son reducidas. Máximo 30 persoas.
- Saída ás 10.00 h desde a EOI
- Organiza o Equipo de Dinamización Lingüística da EOI